

T í t e r e s
Trompical / °

presenta



&

Drácula

de Carlos Santiago

Drácula

Personaxes

Lucia

Guilhermina

Jonathan

Doutor Van Helsing

Drácula

Jonathan bebé

Filho de Jonathan

Limiar

Música

Un bebé brinca cuns pedazos de madeira. Compón unha cruz invertida.

Lóstrego.

Na parede proxéctase o título da peza: "Drácula"

Acto 1

Escena 1: Diario de Jonathan

Jonathan

Son o típico adolescente con problemas. Por exemplo, cando vou botar un polvo? Mina non quere nin mencionar o tema. Iso que xa lle dixeran que estou ben informado, que sei o que son os condóns e como funcionan, que non tenho a Sida, e que saquei notábel na asignatura de educación sexual, vamos, que no asunto do sexo cumpro todos os requisitos da normativa europea. Pero ela que nada, que mentras non case non folha. Iso é todo por culpa dos pais, que son da Obra. Ademais, como vou pensar eu no matrimonio con dazasete anos? Todos os da minha basca botaron un polvo e non tiveron que casar con ninguén. En cambio eu son o parvo da panda. Se me tivera enrolado coa Luci, non andaba con estas gaitas, que esa, a parte de estar bazoka, ten ganas de marcha; só hai que ver como me esguelha cando Mina non mira. Pero claro, é a sua melhor amiga e seguro que se lle entro en plan servizo de urxencias vailhe a Mina co conto. En fin, vou dar unha volta co Pistolo, que conseguiu unhas pastis dabuten. Vampirellas. Dis que con media flipas por cores.

Escena 2: A viaxe

Música. Ambiente Death Trance.

Unha luz cruza o espacio.

Voces

Corre! Fuxe! Lisca!

Na noite do cazador os mortos viaxan a escape

Escena 3: A Casa Abandonada

Jonathan

Onde estou? Pistolo! Pistolo! Que capullo, deixoume mangado... raio de lugar, como cheguei aquí

Drácula (voz a un lado, na escuridade)

Benvido ao meu lar... chegaste polo teu propio pe, Jonathan

Jonathan (*volvéndose para a voz*)

Que é esa voz?

Drácula (*aparecendo do outro lado*)

Non tenhas medo, Jonathan, hai moito tempo que agardaba este encontro

Jonathan

Uaaaah...! (*deixando o medo de lado*) Como sabe o meu nome?

Drácula (*rozándolhe a cara coa man e desaparecendo tras el*)

Eu sei cousas sobre ti que nin sequer imaxinas

Jonathan (*olhando á frente*)

Estou flipando. Pistolo! Pistolo! Putas pirulas (*meténdose os dedos na boca e tentando vomitar*)

Drácula (*do outro lado*)

É inútil que o chames, o teu amigo non está aquí. Isto non é unha alucinación Jonathan, eu son tan real coma ti... ou coma Mina (*volvéndose de costas a Jonathan*)

Jonathan (*volvéndose cara a Drácula*)

Que sabe vostede da minha moza?

Drácula (*achegándose a Jonathan e arrodéandoo por detrás*)

Sei que non te comprace Jonathan, que o seu corazón é obstinado e que lhe nega satisfacción ao teu desexo

Jonathan (*segíndoo coa mirada e ficando a olhar para a frente*)

Quere dicir que non quere... xa sabe... machacar, quilar... botar un polvo, vamos!

Drácula (*dun lado, á frente*)

Disculpa o meu xeito de falar, é certo que son un pouco antigo. Levo demasiado tempo fechado nesta casa ruínosa e apenas conhezo o mundo exterior... (*volvéndose cara a Jonathan e comezando a moverse no espacio sen perder o xogo con Jonathan, a quen finalmente sinala co dedo*) en realidade estás aquí porque necesito da tua axuda, Jonathan. Debo abandonar esta prisión na que vivo recluído. Non obstante, a soleira destas ruínas é unha fronteira infranqueabel para min. Fóra só me agardan o odio e a persecución aos que os espíritos libres se ven sometidos nesta época. Pero ti poderías, Jonathan, ser o meu caxato, a minha guía neste mundo hostil.

Jonathan (*sinalándose a si mesmo co dedo*)

Pero por que eu?

Drácula (*pondo a sua cara no ombro de Jonathan*)

Podería darche algo en troques, algo que a tua alma anxeia profundamente, algo que só a minha sabiduría che pode proporcionar. Pero calemos, a palidez da tua cara delata o teu cansancio.

Jonathan (*movendo os olhos en redondo*)

É certo, é por culpa das pirulas. Debería pirarme a casa.

Drácula (*separándose e indicándolhe o caminho cara ao fondo*)

Nada diso. É demasiado tarde e o caminho de volta demasiado difícil. Sei que non te negarás a aceptar a hospitalidade deste ser triste e solitario. A casa é humilde pero confortábel e sen dúbida encontraremos un cuarto no que podas ter doces sonhos. Que me dis?

Jonathan

Vale... *(sacando un móvil do peto)* déixeme facer unha chamada no móvil

Drácula *(cun berro estarecedor e refuxiando a cara na capa)*

Afasta iso de min, detesto eses patéticos accesorios da vida moderna *(tíralhe o móvil da man)* Fóra da minha vista!

Jonathan *(olhando a escuridade e agochando a cabeza)*

O meu móvil!! Que vai ser de min? Sen comunicación, sen liberdade, totalmente desconectado. É terriblel.

Drácula *(consolándoo pousándolhe a man nas costas)*

Non te preocupes Jonathan, eu dareite todo o que precisas. Son poderoso e podo satisfacer calquera dos teus antollos. Pero agora sígueme. Manhán falaremos dos nosos asuntos.

Jonathan *(erguendo a cabeza)*

Só unha cousa senhor, aínda non sei como se chama

Drácula

Oh claro, que descortesía pola minha parte. Discúlpame! O meu nome é Drácula, Conde Drácula *(dalhe paso cunha reverencia diabólica e ambos desaparecen cara ao fondo)*

Escena 4: Diario de Jonathan

Jonathan

Como mola isto. O Pistolo non sabe o que tal se está a perder. O tipo este, o Drácula, é un pouco raro, medio maricón diría eu, como todos os aristócratas. Seguro que quere ter movida comigo. Non é que tenha nada contra os homosexuais pero a min non me van esas caralhadas. Xa me chegou no orfanato. De todos modos o tipo enrólhase de puta madre, a pesar da historia do móvil. Meteume nun cuarto flipante, unha especie de sauna psicodélica con vapores alucinóxicos aboiando no ambiente. Pero o que mola un punhado é a música que sae das paredes... é unha música antiga, como doutro tempo, pero está que te cagas

Soa Voodoo Chile, de Jimi Hendrix.

Escena 5: A Orxía e o Pacto de Sangue

A música de Jimi Hendrix fúndese con música. Unha luz ilumina un caliz en primeiro plano. A seguir, descubrimos a Jonathan recostado na cama saloucando en pleno transo. Catro espigas de incenso afuman o ambiente. Entran dúas presencias espectrais: as vampiresas, que van aparecendo en distintos lugares do espacio. Jonathan, medio atordoado, tenta seguirlas coa olhada.

Vampiresa 1

Jonathan!

Vampiresa 2

Jonathan!

Jonathan

Que pasa chonis!

Vampiresa 1

Sexo!

Vampiresa 2

Drogas!

Vampiresa 1

Rock 'n' roll!

Jonathan

Hostiá, que forte!

Vampiresa 2

Jonathan!

Vampiresa 1

Jonathan!

Jonathan *(olhando para á frente)*

Venha! Vinde as catro que podo con todas

As vampiresas déitanse sobre Jonathan e fanlhe o amor de xeito depravado. Jonathan ten un orgasmo salvaxe

Jonathan

Que gozada!

Xusto cando unha das vampiresas vai lhe morder o pescozo, hai unha explosión da que xurde Drácula, impedindo o climax atroz

Drácula

Como vos atrevedes a tocalo, lurpias insaciabeis? Atrás! O rapaz é meu. Tirádelhe as poutas de encima se non queredes que vos fulmine. Atrás raposas!

Vampiresa 2 *(afastándose)*

Machista! Misóxino!

Vampiresa 1

"Egoist"

Vampiresa 2

Ti non sabes o que é o amor

Drácula

Basta! Amor...! Tomade o seu froito máis sagrado (Berro de recién nacido. Drácula deixa caer un bebé aos pé das vampiresas)

Vampiresas

Gracias, noso senhor

Drácula *(póndose detrás de Jonathan, a quen agarima na cabeza)*

Vós nunca comprenderedes a clase de amor que eu conhezo. Para vós o amor aínda é unha doce ebriedade, nada sabedes da inmundicia e o excremento dos que se alimenta a minha paixón pola carne. Son un egoísta, é certo, porque non hai amor máis sublime nen máis horríbel que o de quen se ama a si mesmo. Acorda Jonathan, abre os teus ollos. Contempla a obscenidade da vida.

Jonathan *(cara á frente)*

Senhor! Por que me negades o pracer de tan cálidas amantes? Quero morrer no barazo do seu abrazo letal. Decídelhe que volten.

Drácula

Queres morrer nos brazos de simples cadelas inflamadas?

Jonathan

si, quero

Drácula (*apartándolhe un pouco o pelo co dedo*)

Eu pódoche ofrecer goces fulgurantes máis alá da experiencia humana, unha eternidade de pracer e luxuria como ningún mortal é capaz de sonhar. A zoofilia, a necrofaxia, a santificante sodomía

Jonathan (*apartándose o cabelo coa man, moi lentamente*)

Discúlpeme senhor, pero eu non son gay

Drácula

Pensa en Luci, Jonathan, na sua pel ardente, nos seus labios lascivos e voluptuosos, na humidade que lhe desce polas pernas. Non queres iso?

Jonathan

si, quero

Drácula

e Mina, Jonathan, non queres a Mina? Non queres posuir o seu corpo virxinal, o seu ventre inmaculado, as suas tetas católicas, apostólicas e romanas

Jonathan

si, por favor, non me torturedes máis, quero a felicidade

Drácula (*deixa caer unha pinga de sangue dentro do caliz e convida a Jonathan a beber*)

Bebe entón deste caliz de sangue, sangue do meu sangue derramado de cen corpos humanos e entrégate a min, Jonathan. Libérame desta prisión e condúcame ao mundo para que o podo fecundar co meu poder.

Jonathan ergue o caliz e bebe.

Acto 2

Escena 1: Amigas para sempre

Soa unha porta que se fecha e un coche que arranca. Aparece Luci olhando pola xanela e Mina a carón dun traxe de noite

Luci

Por fin soas... xa podemos probar o traxe (achégase a Luci e comeza a probar o traxe) sabes que día é hoxe?

Mina

Venres, por que?

Luci

Venres! o día de Venus, o día do amor... Mina...

Mina

Dime Luci

Luci

Sabes que ti para min es máis que unha amiga, es a minha irmá

Mina

a tua irmá pobre

Luci

oh, sempre tan preocupada polo dinheiro

Mina

Luci, ti non sabes o que significa o dinheiro para unha familia como a minha, é un asunto demasiado serio...

Luci

O dinheiro está para gastalo e o meu pai ten abondo para as dúas, todo o que é meu tamén é teu, Mina... pero non falemos de cartos... é tan ordinario! Pódoche preguntar unha cousa?

Mina

Pregúntame

Luci

Que pensas do xardineiro?

Mina

De quen? De Rodolfo? Parece un bo rapaz

Luci

Claro que é un bo rapaz, pero que me dis dos seus pantalóns?

Mina

Demasiado cinguidos para o meu gusto

Luci

Pero iso é o mellor, Mina! Non te fixaches como lhe marcan o paquete?

Mina

Oh Luci, por favor, é que non podes pensar noutra cousa?

Luci

E por que vou pensar noutra cousa? Que pode haber de malo en pensar sobre cousas bonitas?

Mina

¿Paréceche unha cousa bonita o... o...?

Luci

¿O paquete de Rodolfo? é unha obra de arte. Pero sabes o mellor de todo? E que esta tarde lho dixen

Mina

Dixécheslho? Estás tola

Luci

Si Díxenlhe que o seu paquete era unha obra de arte

Mina

E el que fixo?

Luci

Mordeume, empurroume contra o carbalho do xardín e mordeume toda, a boca, as orellas, o pescozo, foi... lubricante. Hi, hi, hi. De pronto sentino

Mina

¿O que?

Luci

O seu paquete, comezou a medrar, e púxose máis duro que un plátano verde. Entón pediume que lhe metera a man na...

Mina

Para Luci, non podo crer que fixeras esa porqueria

Luci

Non fixen nada. Arreilhe un sopapo. Aos homes non se lhes pode dar todo de golpe que logo collen costume

Mina

Boh, estasme tomando o pelo, tes unha imaxinación que non é normal

Luci

¿Non me cres?

Mina

Non

Luci

Mira, xa está, que tal estou?

Mina

estás preciosa Luci

Luci

E márcame ben as tetas verdade? Se me visen os rapaces do Club Náutico derretíanse todos como cucuruchos de dúas bolas

Mina

Boh, que parva es

Luci

Mira, Mina, cando unha é nova hai que aproveitar, cando o corpo pide movida hai que mexelo

Mina

A min o corpo non me pide nada

Luci

Iso é que non o escoitas... non me digas que nunca sentiches unha calor aquí no ventre, como se estiveses a arder por dentro, unha calor insoportable que che vai rubindo polo peito lentamente ate dispararche os bicos (*mételhe man nas tetas*)

Mina (*afastándoa divertida*)

Luci! se non foses a minha amiga non sei que pensaría de ti

Luci

Pero son a tua amiga e tenho unha responsabilidade contigo, tenho que informarte sobre as cousas que ningún Monsenhor de Bragaquer che pode explicar... seguro que aínda non sabes nin onde está o clitoris.

Mina

Non o sei nin tenho ganas de sabelo... masturbarse é un pecado e unha falta de hixiene espiritual

Luci

Quen o dí?

Mina

O Papa

Luci

Se o di o Papa será verdade, din que o Papa o sabe todo sobre a masturbación

Mina

Pero porque es tan herexe? Ten razón Jonathan, os ricos non respetades nada

Luci (*entristecendo de súpeto*)

Jonathan, Jonathan...! Ningún home merece tanto suspiro. Anda, axúdame a meterme na cama, apetécame sonhar toda a noite, xa sabes con que.

Mina

El é diferente... ti non o podes comprender, Luci, Jonathan non é como os rapaces que ti coneces, non viste roupa cara, nin usa brillantina, nin ten unha familia que lhe pague os antollos, el tivo que loitar na vida, porque é orfo e sempre lhe faltou o carinho dunha nai, pero agora tenme a min, e eu voulhe compensar por todo o amor que non conheceu... ademáis é tan riquinho...non me digas que non é un encanto

Luci (*falando para si*)

É un encanto... (*mudando a un ton máis agresivo*) Un polvo si que ten!

Mina

Luci! non estarás pensando...?

Luci

Non estou pensando nada... *(nun ton máis triste)* pero que farías se te enterases de que o teu Jonathan se deita con outra?

Mina

Quen? Jonathan? Iso é imposible...

Luci

Imposible...! Mira que es cándida. ¿Que te cres? Que o Rodolfo é o único que ten o paquete inquieto? Como non espabiles pronto aínda vas quedar sen mozo

Mina *(comezando a chorar)*

Pero... pero... como podes dicir iso? É o meu prometido, vamos casar dentro de dous anos... cando cumpra os dazaoito... el só me quere a mín, seino, sempre lho leo nos olhos

Luci *(agarimándoa)*

Perdóame... non chores, boba... ¿Xa non aturas unha broma? Venha, métete na cama comigo xa verás como te sintes melhor durmindo nos meus brazos... ¿Xa non queres ser a minha irmá?

Mina

Discúlpame Luci, é que estou un pouco nerviosa... *(mimosa e satisfeita)* Pódoche confesar un segredo? *(Luci asenté)* El vai vir esta noite

Luci

Mira a mosquita morta! Xa sabía eu que eras máis pícara do que parecías. E por onde vai entrar o teu Romeo?

Mina

Pola xanela, claro, como todos os Romeos. Por iso prefiro ir durmir no outro cuarto, non che parece mal?

Luci

Claro que non, boba, venha, vai, e se o teu Jonathan intenta propasarse non dubides en pedir socorro, tenho aí detrás a escopeta de papá.

Mina

Mira que es bufona, Luci

Escena 2: Drácula morde a Luci

Música *durante toda a escena. Tormenta. Ecos estranhos. Un cristal que escacha. Drácula entra pola xanela. Ve a Luci. Excítase e xeme, ri. Achégase a Luci e cúbrea co seu corpo. Agarímaa cunha man cínica e ósea*

Drácula

Luci... *(sorbendo a súa propia saliva)*

Luci *(salucando en sonhos)*

Jonathan!

Drácula

Déixate ir Luci... son o teu sonho inconfesábel (*mórdeaa. O sangue místúrase na pantalla. Luci comeza a xemer, cada vez máis rápido e máis alto. Tras chucharlhe o sangue ergue a cabeza sorbendo a última pinga*) ... o sangue é a vida, ha, ha, ha.

Drácula ri, cunha gargalhada atroz, e ten un espasmo sexual. Nese momento Luci córrese e berra, misturando o seu grito coa gargalhada de Drácula. Drácula levántase da cama e retírase enviándolhe a Luci un bico coa man.

Escena 3: Jonathan na xanela

Entra Mina, aterrorizada polos berros de Luci. Música: o vento zoa a través da xanela rota.

Mina (*axitando a Luci*)

Luci, acorda, por favor...

Luci (*regresando á realidade entre choros*)

Mina! Eu non quería, xúrocho, eu non quería, perdóame

Mina (*abrazándoa*)

Tranquilízate, xa pasou, foi só un pesadelo

Luci

Violoume, Mina, eu non quería... violoume... perdóame

Mina (*seriamente*)

Cálmate Luci! ninguén che fixo nada... (*nun ton máis doce*) ves como eu tinha razón? tanto falar de sexo e logo venhen os pesadelos... vamos, intenta durmir

Luci (*máis acalmada*)

Non me deixes soa

Mina (*arroupándoa coas sabas*)

Non te preocupes, vou ficar aquí contigo toda a noite, anda, tápate, que aínda vas coller frío... (*Luci adormece*) é mellor que arranxe esa xanela

Mina érguese e vai fechar a xanela. Pero Jonathan aparece de súpeto fronte a ela.

Mina (*sorprendida*)

Jonathan! ¿Que fas aquí?

Jonathan (*avergonzado*)

Equivoqueime de xanela e entrei no cuarto de Luci

Mina (*abrazándoo e recostando a cabeza no seu ombro*)

Jonathan...! Estaba tan preocupada! (*ólhao*) Pero que tes? Estás moi pálido

Jonathan

Non me sinto moi ben últimamente... ¿xa falaches co teu pai?

Mina

Está todo arranxado, o Padre Cuñal vaiche conseguir un choio na Administración Autonómica... pero quere falar contigo

Jonathan

Para que? non me gustan os curas

Mina

Xa sabes como son na Obra, gústalhes darse importancia antes de facer favores... pero tes que pensar en nós Jonathan, na nosa felicidade, só faltan dous anos para a boda e necesitamos dinheiro

Jonathan

Discúlpame Mina, é todo tan estranho cando non estou contigo

Mina *(tocándolhe o nariz)*

Meu ruliño

Jonathan

Minha rulinha *(bícaa)*

Luci *(espertando e vendo a Jonathan)*

Fóra daqui, monstro!

Mina

Luci!

Luci *(toleando)*

Dilhe que marche ou chamo á policía... aos bombeiros... á lexión estranxeira

Mina *(achegándose a ela e intentando acalmala)*

É Jonathan, Luci, veume visitar!

Luci

Xa sei quen é, un violador, un depravado, un crápula... fóra, fóra daqui

Mina *(para Jonathan, que ficou paralizado xunto á xanela)*

Non te quedes aí, Jonathan, axúdame, está moi mal

Jonathan *(achegándose á cama con medo e axudando a Mina)*

Luci! son eu! Jonathan!

Luci

Afástate, cabrón! Fillo de puta!

Mina

Será mellor que vaia por un tranquilizante *(vaise)*

Luci

Non me deixes con el, Mina, por favor, por favor Mina...! *(mudando o ton cando Mina vaise e agarrando a Jonathan polo colo)* Non penses que me deixei, maldito bastardo, eu non quería... non quería... pero ti... ti... *(desfalecendo)*... vampiro!

Jonathan *(afastándose con violencia)*

Mina!

Mina *(entrando)*

Xa vai... anda Luci, tómate o Tranquimaxín, é mellor que tentes durmir... así, moi ben

Luci *(caendo rendida na cama)*

Mina, tes que afastarte del, non deixes... que che... toque... prométemo *(durme)*

Mina *(case chorando)*

O que ti queiras... pobre Luci... oh Jonathan, temos que facer algo, seus pais marcharon todo o fin de semana e ela vai tolear, leva toda a noite desvariando

Jonathan

Hai que chamar a un médico.

Mina

O Policlínico está aquí ao lado ¿Queres ir? Eu non...

Jonathan (*pousándolhe a man na cadeira, pero unha man cínica e ósea*)

Claro que si, meu amor

Mina (*apartándolhe o pelo da frente*)

Pois vai, non perdas máis tempo, meu corazón.

Acto 3

Escena 1: Diario de Jonathan

Jonathan

¿Que é o real? ¿Por que hai tanta confusión na minha cabeza? Tenho medo. Cando acordei esta manhá, naquela casa abandonada, sentínme fatal. Que flipada. Drácula, o cuarto psicodélico, as lurpias. Pero é como se todo iso fose real. Que mal rolo. E agora os pesadelos de Luci e esa obsesión comigo. Non sei por que me insulta. Debe ser por culpa da lúa. A lúa é terrible para os sonhos, as mareas e as nenas pijas. Tal vez ese médico que foron chamar poda explicarme o que me pasa. Non me molan nada os hospitais nin os médicos de guarda. Sempre fan demasiadas preguntas. E Mina está soa na casa con Luci. É melhor marchar e esperar á manhá. Non creo que sexa tan grave.

Escena 2: Alhos e crucifixos

Van Helsin e Jonathan xunto á xanela. Luci durmindo

Val Helsin

E di que a xanela estaba rota?

Jonathan

Fun eu quen a rompeu... confundínme de cuarto

Van Helsin

Interesante, sintomático, patolóxico... *(olhándoo)* Realmente a súa palidez é preocupante... semelha un espectro, meu amigo... ¿consumiu drogas nas últimas horas?

Jonathan

Quen? Eu? Eu son dos que sempre din non ás drogas.

Van Helsin

E fai moi ben, as drogas sempre despertan ao monstro que hai en nós... *(achegándose a Luci)* vexamos á rapaza ¿que lle deron para durmir?

Jonathan

Trankimaxín ¿fixemos ben?

Van Helsin

Non fixeron mal, certas drogas consiguen durmir ao monstro que hai en nós... mmm, isto non me gusta, a nosa bela durminte padece de anemia e o peor de todo, ten olheiras

Jonathan

¿que significa, Doutor Van Helsin?

Van Helsin

anorexia! Todas as rapazas de hoxe en día queren ser como Claudia Schiffer e non comprenden que Claudia Schiffer non existe

Jonathan

Descarado, é por culpa da televisión

Van Helsin

Está equivocado, a culpa é dos espectadores, hai demasiada pornografía nas súas cabeza... (*examinando o pescozo de Luci*) lembre que o mal nunca está fóra, sempre está dentro... mein got! é terribel, espasmódico, criptogramático... non hai tempo que perder

Jonathan

¿Que pasa?

Van Helsin

Vexa isto, finos orificios odontomórficos na xugular

Jonathan

Semelha un mordisco

Van Helsin

É o que acabo de dicir... senhor, vostede mentíume

Jonathan

Quen? Eu?

Van Helsin

Non o negue, pola súa culpa a súa amiga enfréntase a un mal de proporcións humanitarias

Jonathan

¿Pero que lle pasa? ¿Quen lle fixo ese mordisco?

Van Helsin (*rindo*)

A súa amiga foi mordida por un vampiro

Jonathan

¿Un vampiro?

Van Helsin

Nosferatu, Vêtała, Jikininki, moitos son os seus nomes... é cinico e malicioso e vive do noso sangue...

Jonathan

¿como os políticos e os banqueiros?

Van Helsin

Nunca se mofe do vampiro! Cando un vampiro nos posúe todo está perdido... a decencia, os valores morais, o patriotismo... o mundo sería unha orxía perpetua nas suas mans, a apocalipse, o comunismo de mulheres!!! Pronto, axúdeme! Coloque-lhe esta restra de alhos ó redor do pescozo... olhe isto (*amósa-lhe unha cruz*)

Jonathan

Aaaagg!

Van Helsin

¿Que lle pasa? ¿Ten medo da cruz?

Jonathan

Por favor, apártea

Van Helsin

¿Por que ten medo? Explíquese... (*ameazándoo coa cruz*) ¿Que sabe vostede do vampiro? ¿Foi vostede quen lle abriu a xanela?

Jonathan

Non sei nada de ningún vampiro...

Van Helsin

Non me engane, ademáis de neurólogo son holandés, non se me escapa nada... confese!

Jonathan (*acantoado*)

Foi no orfanato

Van Helsin

¿No orfanato?

Jonathan

Os curas... os celadores... entraban no meu cuarto polas noites e... e...

Van Helsin (*esgrimindo a cruz*)

¿E que?

Jonathan

Violábanme! Eu era un neno... e cando remataban obrigábanme a bicar a cruz para que non contase nada

Van Helsin

¡Mein got! ¡Como está a beneficencia! (*coloca a cruz no peito de Luci*) Será melhor que se tenda... hai que facerlhe unha transfusión de sangue... o nivel de hemoglobina é unha catástrofe... esta noite non debemos durmir, é escrupulosamente necesario que o vampiro non a volva morder

Música. Imaxes dunha transfusión de sangue na parede. Vemos como o sangue de Jonathan, en realidade o sangue do vampiro, se mistura co de Luci.

Escena 3: O triunfo de Drácula

Van Helsin e Jonathan roncan. Un lóstrego estoura e cando regresa a luz só vemos a Drácula ante Luci. Drácula repara no crucifixo e cólheo

Drácula (*examinándoo*)

Un crucifixo... ¡que estupidez! ha, ha, ha... ¿quen pode ter medo dun absurdo fetiche como este? Pero ¿a que cheira aquí? ¡Alhos! O corazón de mulher é delicioso adobiado con alhos, ha, ha, ha...

Música. Ambiente gótico.

Luci

Ven meu amor, devórame o corazón...

Drácula (*relambéndose*)

Será un pracer...

Drácula morde a Luci, quen volve ter un orgasmo e fica xemendo. Estoura outro lóstrego

Escena 4: A morte de Luci

Tras o lóstrego vemos a Jonathan sobre Luci

Jonathan

Luci, Luci, acorda... Doutor Van Helsin! Doutor Van Helsin!

Luci *(entre saloucos, intentando desesperadamente apartar a Jonathan)*

Meu deus ¿que fixemos? Déixame, adúltero, canalla, mal... nacido! ¡Mina!

Jonathan *(apertándolhe o pescozo)*

Luci, non berres por favor, son eu Jonathan *(Luci afógase. Emite un son estarrecedor e parece expirar nos brazos de Jonathan)* Luci non, non, nooon! Doutor! Luci... ¡Luci está morta! ... o vampiro... Doutor! Doutor!*(érguese e recorre o espacio desvariando)* Socorro! ¿Que fixen, meu deus? ¿Que me está pasando? Hostia tío, que merda de película é esta? ... non, todo está na minha cabeza... os vampiros non existen... Luci está viva

Música. *Unha melodía melancólica*

Luci *(con voz fúnebre pero amorosa, erguéndose do leito)*

Jonathan...! Abrázame, meu amor

Jonathan

Luci...! Estás viva...!

Luci

Estou máis viva que nunca... ámote Jonathan, sempre te amei... non me importa o que Mina pense... ven... faime o amor outra vez... quero sentirte dentro de mín...

Jonathan

Luci...! *(Jonathan entrégase a Luci quen abre a boca para mordelo)*

Van Helsin *(aparecendo da nada e apartando a Jonathan con violencia)*

Coito maldito! Afástese dela...

Jonathan

Pero Doutor... é Luci

Van Helsin *(suxeitando a Jonathan por detrás e falándolhe na orelha)*

Nin pero nin nada, atrás... ela xa non é ela... mire, é a puta do demo, unha non morta, unha lurpia... o vampiro consumou o coito sacrílego e agora ela é como el... a sua concubina...

Luci

Non me deixes así, Jonathan ¿Por qué te afastas de mín? Quérote meu amor!

Van Helsin

Mire esos olhos! Son pura inmundicia, podredume, depravación... un prodixio de lascivia... hai que matala

Jonathan

Vostede está tolo, Doutor

Van Helsin

Ha, ha, ha, ¿quen é o tolo aquí?... vólhe falar claro, meu amigo, se non lhe cortamos a cabeza de contado, a peste vampírica estenderase entre a mocidade... primeiro caerán as mulleres porque son débiles... e logo, controlando ás mulleres, tamén caerán os homes, porque son homes... O vampiro é como a publicidade ¿Por que cree que poñen tantas tetas nos anuncios? Vamos, non sexa pusilánime, córtelhe a cabeza... ela xa está morta... hai que matala para sempre

Luci

Ven meu amor... eu non son coma Mina... Fólhame Jonathan! Tócame as tetas!

Jonathan *(xa en transo)*

... hai que matala...

Jonathan córtalhe a cabeza e Van Helsin desaparece

Escena 5: O crime de Jonathan

Mina *(entrando precipitadamente)*

¿Que son esos berros? *(descubriendo a cabeza de Luci aos pes do seu namorado)* Aaaah, Luci...!!! *(olhando para Jonathan)* ¡Jonathan! ¿Que fixeches, Jonathan?

Jonathan *(avanzando cara a ela)*

Non fun eu Mina... foi o vampiro... tiven que... o Doutor Van Helsin pódecho explicar... Doutor!!!

Mina

¡Estás tolo! ¡Socorro! ¡Socorro!

Jonathan *(afastándoa do horror)*

Cálmate, Mina, non acredites no que ves... é horrible, xa o sei, pero...

Mina

Ela tinha razón, violáchela... por iso estabas na xanela... por iso.... pobre Luci... ela avisoume... ¡Asasino! ¡Sóltame, criminal!

Jonathan

Hai un vampiro... chámase Drácula, agora o sei... o Doutor e eu...

Mina *(histérica)*

Ti es o único vampiro, ¡monstro!

Jonathan

Basta xa, Mina *(arréalhe un sopapo e Mina cae desmaiada)*

Acto 4

Escena 1: Diario de Jonathan

Jonathan

É horrible. Estou toleando. Non podo ser un criminal. O Doutor Van Helsin é real. Drácula existe. Sinto o seu alento no meu pescozo. El matou a Luci. Pero ¿quen me vai crer? Mina non me cre. Os pais de Luci tampouco crerán neste pesadelo... e a pasma... a pasma só verá un orfo pálido e drogado a carón dun cadáver. ¿Que podo facer?

Óuvense os saloucos de Mina

Escena 2: O remanso do amor

Jonathan

Mina...

Mina (*berrando*)

Jonathan!!

Jonathan

Tranquila... foi só un pesadelo

Mina

Non o sonhei, Jonathan... (*olhando arredor*) ¿E o cadáver?

Jonathan

¿Que cadáver?

Mina

O de Luci, ti cortácheslhe a cabeza

Jonathan

Foi un sonho, Mina... Luci vai no Policlínico... cando cheguei co médico ti estabas durmida e non te acordamos

Mina

¿De verdade, Jonathan? ¿é certo?

Jonathan

Claro que si, boba... Luci vaise poñer ben... o médico dixo que non era grave... que estaba un pouco estresada... iso é todo... vai pasar a noite na clínica a descansar

Mina (*chorando*)

Oh... discúlpame, Jonathan, parecía un sonho tan real... era horrible... ti cortábaslhe a cabeza a Luci e só falabas de vampiros e...

Jonathan

Non chores, minha rula... xa pasou todo...

Mina

Abrázame, Jonathan, non me deixes soa esta noite

Jonathan

Non te vou deixar... (*bicaa e comeza a agarimala. Mina responde con pequenos e felices sorrisos*) quérote Mina... quero a tua boca... o teu pelo longo e negro... as tuas lindas orelhas ... o teu pescozo...

estoura un lóstrego e entra música siniestra

Escena 3: Morte de Jonathan

Jonathan sobre Mina, que se resiste a ser forzada. A un lado Drácula, pontificando a violación, ao outro Van Helsing, condenando o crime.

Drácula (*devorando vísceras humanas*)

Que deliciosa victoria o corazón desta virxe, Jonathan, bebe do seu sangue, penetra as suas carnes ata o sufrimento pleno do pracer... sinte o teu novo poder, Jonathan, o poder da víscera e o excremento

Van Helsing (*esgrimindo a cruz*)

Non escoites Jonathan, non des ouvidos á palabra maldita dese demo... respeta a cruz, Jonathan, a orde pública, a constitución democrática...

Drácula

Ha, ha, ha, democracia! Drácula proclama a monarquía do crime e o terror e defeca sobre a lei e a moral dos homes (*peidéase*) A tua alma xa non ten dono, Jonathan... engole o sangue da tua vítima, meu fillo, e cúspeo no patético rostro de deus

Van Helsing

Libérate do vampiro, Jonathan, ou te condenarás a unha noite de eternidade fétida e venérea.

Drácula

... a noite do vampiro... pracer e inmortalidade

Van Helsing

desemprego e drogadicción

Drácula

exaculación e poder

Van Helsing

paranoia e marxinalidade

Drácula

Vida, Jonathan

Van Helsing

Morte!

Drácula

Só quen ama a morte pode gozar da vida

Van Helsing

Bica a cruz, Jonathan, os vampiros non teñen dereito á seguridade social. Tes que matar ao monstro antes de que el dea cabo de ti.

Drácula

Ha, ha, ha, ninguén me pode matar... sempre hei resucitar... en cada novo home

Jonathan

Basta! ¿Quen sodes? ¿Que queredes? ¿Por que me torturades? ¡Luci...! ¡¡Mina...!! Son... un asasino... quero morrer!!!.

Drácula e Van Helsin

Non...

Jonathan arrincase a cabeza e todos desaparecen. Só fica Mina xemendo desmaiada.

Escena 4: Carta de Mina**Mina**

Meu querido fillo,

escribo esta carta antes de que nazas porque sei que non vou sobrevivir ao parto... se a chegas a ler significará que tes dezoito anos e que a túa vida é feliz. Estarás preparado para coñecer a traxedia da túa orixe. O teu pai, Jonathan, era orfo coma ti, pero a súa terrible infancia condenouno á loucura e ao suicidio. A súa morte rompeume o corazón e desenganoume da vida. No diario que acompaña a esta carta encontrarás todas as respostas ás tuas preguntas. Sé feliz, meu fillo, por toda a felicidade que nós non tivemos. Tua nai só che quere dar un consello: desconfía do sexo, as drogas e o rock 'n' roll. Só traen problemas. Tua nai, Guilhermina.

Epílogo

Música. A mesma do principio.

Un bebé, o fillo de Jonathan e Mina, brinca cuns pedazos de madeira. Compón unha cruz invertida.

Lóstrego.

Na parede proxéctase a palabra: "Fin"